



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte
Servizo de Deportes

Avenida da Habana, 79, 4
32071 Ourense
988 386 050
deportes.ourense@xunta.gal

galicia

Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou a Resolución do 15 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se aproba o protocolo Fisicovid-DxTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma os labores da súa coordinación e seguimento.

Na data do 23 de Xuño de 2020 a Federación Galega de Tenis de Mesa comunica á Secretaría Xeral para o Deporte o protocolo para a práctica da especialidade de tenis de mesa.

D. MANUEL PÉREZ GONZÁLEZ, como Xefe do Servizo de Deportes da Delegación Territorial de OURENSE e coordinador do grupo 5 de Deportes de Raqueta, **CERTIFICA:**

Que o protocolo da Federación Galega de Tenis de Mesa para a práctica da especialidade de tenis de mesa se adecúa ao disposto no protocolo Fisicovid-DXTgalego polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Ourense, 01 de Xullo de 2020

O Xefe de Servizo de Deportes de OURENSE

MANUEL PÉREZ GONZÁLEZ

